10º.- MOCIÓN DA FEDERACIÓN DE AA.VV. A CHAMUSCA SOBRE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE MOAÑA

Coa data de rexistro do 25/03/2013, a Federación de AAVV A CHAMUSCA presentou a seguinte moción que literalmente di:

DONA CONSUELO NOGUEIRA RÍOS, con DNI 78730496R, como presidenta da Federación de AAVV A CHAMUSCA, propón a Corporación Municipal de Moaña a seguinte moción para incluír no vindeiro Pleno Municipal.

*A Federación vén comprobando con preocupación un deterioro significativo no servizo das Bibliotecas Públicas de Moaña. Neste momento de crise é cando **máis** necesarios son estes servizos públicos para as persoas carentes de recursos (familias en paro, persoas maiores, estudantes) que compoñen o colectivo maioritario de **usuarios** das bibliotecas.*

Cando as familias suprimen as súas conexións de internet, a compra do xornal ou do libro de lectura obrigada no cole para o seu fillo é cando ten verdadeiro sentido social a utilización destes servizos na Biblioteca pública da parroquia.

Pero neste Concello os “recortes” se aplican indiscriminadamente, sen reflexión nin valoración previa, e así non se repoñen os ordenadores, non se compran libros ou se suprimen as subscricións aos xornais nas Bibliotecas municipais.

Na Biblioteca de Tirán van varios meses sen ordenador central coa consecuencia de que os libros recibidos non se poden catalogar nin usar, non se poden cumprir as obrigas estatísticas coa Xunta, non funciona o fax, non funciona o sistema wifi e os ordenadores para acceso a internet están totalmente obsoletos, foron doados pola AAVV fai máis de dez anos e ata hoxe seguen sen ningún mantemento ou actualización. Na Biblioteca de Domaio foron roubados os ordenadores e o escaner, sen impresora e a responsable ten que traballar co seu ordenador persoal, quedando tres ordenadores sen memoria e obsoletos tecnicamente. A de Berducedo é un simple depósito de libros.

Os horarios son mínimos nas parroquias e insuficientes na Biblioteca Central (sete horas en xornada de mañá e tarde) con ordenadores tamén totalmente anticuados.

Por todo o exposto, a Federación solicita que se adopte un acordo plenario para que se habilite unha partida extraordinaria (lembramos que este esforzo si se ten feito para outras festa ou eventos por importes significativos) para:

Reposición e/ou actualización dun número de ordenadores conectados a internet que responda á necesidade operativa e á demanda actual nas tres bibliotecas daqueles apartados nos que exista demanda comprobada (libros lectura dos coles, por exemplo).

Recuperar o servizo de "lectura" de xornais diarios nas bibliotecas onde se ten suprimido.

Reforzamento do horario da Biblioteca Central a xornada continuada de 12 horas, como acontece nas de Cangas ou en Bueu por exemplo.

Moaña, marzo 2013»

- Intervén un veciño en defensa da dita moción, quen sinala que isto non funciona. A moción é de data 25/03/2013, polos problemas concretos nas bibliotecas públicas de Moaña, é pide que se adopten solucións.
- Dona María Colomba López sinala que os horarios son os de sempre. Procederáse ao estudos dos horarios. Respecto á reposición dos ordenadores, irase facendo na medida do posible. Respecto á retirada dos periódicos, fíxose porque se dispón de prensa dixital. E respecto aos ordenadores van lentos, pero van.
- O veciño sinala que arranxaron as fiestras que metían frío e entraba a auga por elas. Levan un ano sen limpar concretamente nas bibliotecas de Tirán e Domaio.
- O Sr. Alcalde sinala que iso é falso. E pasarémolle un informe ao respecto.
- O veciño desexa que lle digan se en Tirán fixeron a limpeza.
- O Sr. Alcalde indica que vostedes non din a verdade.
- O veciño sinala que a biblioteca de Tirán e Domaio levan un ano sen limpar. Os ordenadores teñen dez anos, os horarios son reducidos. Pide que se limpe a biblioteca de Tirán e Domaio e se arranxen os ordenadores.
- Dona Marta Freire sinala que hai unha proposta sobre o préstamo de pago. Solicita que se rexeite estando en desconformidade coa taxa de préstamo nas bibliotecas públicas.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE e seis abstencións, as do PP, acorda:

Que se habilite unha partida extraordinaria para:

- Reposición e/ou actualización dun número de ordenadores conectados a internet que responda a necesidade operativa e a demanda actual nas tres bibliotecas.
- Fondos suficientes para completar a dotación de ordenadores conectados a aqueles apartados nos que exista demanda comprobada (libros lectura dos coles, por exemplo).
- Recuperar o servizo de "lectura" de xornais diarios nas bibliotecas onde se ten suprimido.
- Reforzamento do horario da Biblioteca Central a xornada continuada de 12 horas, como acontece nas de Cangas e Bueu, por exemplo.

11º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DE MOAÑA SOBRE O CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN DO MORRAZO

Dáse lectura á moción presentada pola Plataforma en defensa da sanidade pública de Moaña, rexistro de entrada n.º 553, da data 28/01/2013, que literalmente di:

«*PLATAFORMA DEFENSA SANIDADE PUBLICA DE MOAÑA.*

SR.ALCALDE DO CONCELLO DE MOAÑA

MARUXA BOUBETA PENA, provista co DNI35897654, con domicilio en Rúa Ramón Cabanillas, 134 2º de Moaña, en nome e representación da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública de MOAÑA, ao Pleno da Corporación Municipal de Moaña fai a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN DO MORRAZO

O proxecto do CAR do Morrazo xurde no ano 2000 como unha reivindicación e compromiso coas Plataformas de Sanidade cando se plantea por parte da Administración unha nova estrutura sanitaria como alternativa ao Hospital Comarcal: Un grande hospital de referencia e un hospital comarcal (CAR) sen camas, con consulta única, acto único asistencial con exploración e diagnóstico con asistencia sanitaria que evitaría sucesivos desprazamentos ao hospital de referencia.

Despois do compromiso público (13-02-2006) da Conselleira de Sanidade ante a Plataforma Defensa da Sanidade para a construción do CAR do Morrazo, o 31 de marzo de 2006 o Pleno da Corporación de Moaña aproba unha moción de Federación de AAVV A CHAMUSCA que establecía:

“A Corporación reservará os terreos no futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal como área dotacional sanitaria de carácter supramunicipal.

Estes terreos servirán para a construción do Hospital do Morrazo, no caso de que o Concello de Moaña non fora adscrito a un Hospital de referencia de titularidade pública.

Dita infraestrutura sanitaria pertencería ao Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) que cubrirá a Asistencia Sanitaria Especializada integrada na futura Área Metropolitana de Vigo”

No pleno extraordinario de 4 abril 2009 acordouse ofertarlle os terreos a Consellería e esixir esta infraestrutura sanitaria en Moaña, referíndose aos terreos dotacionais do “denominado” punto limpo en Moaña.

No pleno de abril do 2011, aprobouse unha moción da Plataforma, na que se reiteraba “o impulso da construción do CAR, facíase constar a reivindicación dos profesionais sanitarios e se definían as

condicións dun CAR: supramunicipal, por tanto ben situado e comunicado, dotado con todos os medios para que nunha “unidade de acto” se resolvan todas as probas diagnósticas e de carácter “público” e cun réxime funcional ao marxe de Povisa.

O Concello de Moaña dispón 8.819 m². de titularidade municipal, no Broullón, na saída ao corredor, ben comunicado, nun lugar estratéxico para o acceso dos usuarios de Cangas e Bueu que foi ofrecido no ano 2010, pola súa conta en a súa condición de deputado autonómico, polo Sr. Ferrenza a Conselleira Sra. Farjas segundo a páxina web do PP de Moaña, sen que se chegara a materializar formalmente nunca dita oferta.

Estas circunstancias levaron, unha vez máis, a que a Corporación Municipal aprobara por unanimidade no mes de setembro do ano 2011 outra nova moción da Plataforma co seguinte contido:

“PRIMEIRO: Consonte co artigo 47.4 da LOUGA se proceda a recualificación dotacional, con cambio a uso sanitario, dos terreos de titularidade municipal situados no SDA31.

SEGUNDO: Se ofrezca nos devanditos termos, unha vez recualificados, a Consellería de Sanidade para a ubicación do CAR do Morrazo, quedará servizos aos usuarios de Bueu, Cangas e Moaña e que ten prevista a súa construción no ano 2012.”

Ante esta información a Conselleira de Sanidade declara nos medios que “non lle consta ningunha cesión de terreos no Morrazo para este fin”.

O 06-10-2011 na reunión da Comisión de Seguimento, se constata que o Acordo non se cumpre, o Alcalde traslada nos Técnicos a responsabilidade do asunto, solicitando un informe ao respecto.

O 20-10-2011, Belén Currás (Subd. Xeral Infraestruturas) visita oficialmente os terreos ofrecidos polo Alcalde de Cangas para o CAR do Morrazo,

O 03-11-11, na Comisión reclamase o informe sobre o acordo de setembro, o Alcalde afirma que a Moción aprobada vaise cumprir, que temos a súa palabra e firme vontade.

O 10-11-11, O Sr. Arrojo (Dtor. Xeral Infraest^a) declara no Parlamento a pregunta do BNG que

- Un CAR das características mínimas para os usuarios do Morrazo precisa uns 10.000m², tendo en conta o imprescindible que resulta a existencia de parking.

- Non hai proxecto porque non se coñece nas características do terreo onde se vaia construír.

- Non se coñece nin o importe aproximado do seu custo, nin cal será a fórmula de financiamento, ao carecer de proxecto e terreos.

- O CAR do Morrazo dependerá funcionalmente do novo Hospital de Vigo.

O 03-02-12, a Concelleira de Urbanismo de Moaña admite que o acordo plenario do mes de setembro non se podería cumprir porque o PXOM xa estaba aprobado con data 12 de xullo, o que invalidaría o suposto necesario dunha situación de aprobación provisional do Plan, co que o acordo era nulo.

A Plataforma pide explicacións ao Goberno e a oposición pola posible fraude na toma deste acordo e acordase solicitar e reiterar a petición do informe preceptivo ao Secretario ao respecto.

O 02-05-12, a Concelleira manifesta descoñecer a situación dos terreos para o CAR en Moaña, e a Comisión acorda por unanimidade que o Concello se dirixa por escrito e por rexistro, con todas as formalidades a Conselleira para que:

a) Se facilite o Plan Funcional do CAR do Morrazo.

b) Por a disposición da Xunta os terreos propiedade municipal no Broullón para a instalación do futuro CAR do Morrazo.

Nas mesmas datas se producen entrevistas do resto dos Alcaldes da comarca coa Conselleira:

O Alcalde de Cangas ofrece a Conselleira unha terceira ubicación no centro de Cangas, diferente de Altamira ou A Rúa.

O Alcalde de Bueu pon a disposición da Consellería 19.000 m² de propiedade municipal no Castrillón como alternativa complementaria a oferta de Cangas.

O 07-06-12, na Comisión Sanidade do Concello "o alcalde di que os terreos xa os ten a Consellería, baixo a súa palabra"

O 22 xaneiro do 2013, en Comisión Informativa todos os grupos políticos asumiron como propia a seguinte proposta da Plataforma de Sanidade de Moaña:

"A Plataforma Defensa Sanidade Pública de Moaña acorda instar ao Goberno Municipal, na persoa do Alcalde-Presidente da Corporación, para que se dirixa, formalmente, por escrito e dentro do prazo regulamentario, ao Parlamento e Xunta de Galicia, en nome e representación de toda a Corporación Municipal e, por tanto, no de todo/as veciño/as de Moaña, para que se modifique o proxecto de orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2013 no sentido de incorporar unha partida significativa que possibilite a iniciación dos trámites necesarios para a construción do Centro de Alta Resolución do Morrazo no devandito ano (2013)."

Por todo o exposto solicitamos do Pleno da Corporación municipal que se tomen os seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO.- Que o Goberno Municipal poña a disposición da Xunta de Galicia os terreos de Broullón, aportando toda a documentación necesaria, para a construción do CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN do Morrazo con forme cos reiterados acordos tomados por esta corporación de distintas ocasións e ata este momento incumpridos.

SEGUNDO.- Que o Concello de Moaña, no nome da Corporación Municipal presente diante do Parlamento de Galicia unha proposta de modificación dos orzamentos para o ano 2013 no que se contemple unha partida suficiente para que poidan escomezar as obras do CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN neste mesmo ano.

En Moaña, a 25 de xaneiro de 2013 Asdo. Maruxa Boubeta Plataforma Defensa Sanidade Pública Moaña.»

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos quince concelleiros presentes dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

PRIMEIRO.- Que o Goberno Municipal poña a disposición da Xunta de Galicia os terreos de Broullón, achegando toda a documentación necesaria, para a construción do CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN do Morrazo conforme cos reiterados acordos tomados por esta Corporación en distintas ocasións e ata este momento incumpridos.

SEGUNDO.- Que o Concello de Moaña, no nome da Corporación Municipal, presente diante do Parlamento de Galicia unha proposta de modificación dos orzamentos para o ano 2014 no que se contemple unha partida suficiente para que poidan comezar as obras do CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN neste mesmo ano.

12º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE EMENDA AOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA INVESTIMENTOS EN MOAÑA

Coa data de rexistro do 21/10/2013, número 6841, O Grupo Municipal do BNG presentou a seguinte moción que literalmente di:

«MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE ENMENDA AOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA INVESTIMENTOS EN MOAÑA

Foron presentados hai uns días os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2014. Como ocorreu xa en pasados exercicios, o goberno autonómico presidido polo Partido Popular volve esquecer as necesidades máis urxentes de investimento en Moaña, e por extensión no Morrazo, incumprindo incluso anuncios e promesas electorais moitas veces repetidos.

Non podemos aceptar como desculpa a crise económica e os recortes de gasto, cando observamos que noutras comarcas e vilas se anuncian importantes investimentos e as necesidades de Moaña afectan áreas que o PP afirma respectar e incluso potenciar: o ensino, a sanidade, a promoción dos sectores produtivos e a loita contra o desemprego.

Nos orzamentos actualmente en discusión nin se atende á mellora das instalacións educativas repetidamente prometidas, nin á ampliación da rede sanitaria, nin se promove mediante a obra pública a xeración de tecido económico e postos de traballo. Nin sequera hai constancia nos orzamentos da existencia do noso concello. A única cantidade que aparentemente afecta a Moaña son os preto de 800.000 euros para a redacción dos proxectos de desdoblamento do corredor do Morrazo — despilfarro que só lles poderán agradecer as consultoras de enxeñería, por ser xa o segundo proxecto que se redacta en catro anos.

Ante esta situación de completa desconsideración e abandono, e vista a actitude do actual goberno municipal de dar por boas e sabrosas as pequenas codias que as distintas consellerías lle van soltando para tapar a desatención ás verdadeiras reclamacións dos veciños e veciñas de Moaña, o grupo municipal do B.N.G. propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.-Trasladar ao Parlamento de Galicia, a través da súa Presidencia e dos distintos grupos parlamentares, e ao goberno galego a través da súa Presidencia e da titular da Consellería de Facenda a desconformidade do Concello de Moaña co tratamento que se dá ao noso municipio e á comarca do Morrazo nos orzamentos en tramitación.

2.- Solicitar a inclusión dentro do trámite de enmenda das seguintes partidas relativas ás necesidades de Moaña.

- a) Construción do Centro de Saúde de Moaña, investimento trianual por importe de 4.500.000 €.*
- b) Construción do Centro de Alta Resolución do Morrazo, investimento trianual por importe de 15.000.000 €.*
- c) Proxecto de Seguridade Viaria na P0-551 e P0-313, ao seu paso por Moaña, anualidade de 1.500.000 €.*
- d) Reurbanización e humanización da P0-551 ao seu paso polo núcleo urbano de Domaio, investimento bianual por importe de 1.250.000 euros.*
- d) Acondicionamento das instalacións portuarias e zona de servizo do Porto de Domaio (Moaña), anualidade por importe de 850.000 €.*
- e) Acondicionamento das instalacións portuarias e zona de servizo do Porto de Moaña, anualidade por importe de 850.000 €.*
- f) 2ª Fase do proxecto de ampliación da rede de distribución de auga a Os Piñeiros, A Xalde, Broullon, Paradela e a Fraga (Moaña), anualidade por importe de 750.000 €.*
- g) Ampliación do Instituto de Ensino Secundario A Paralaia (Moaña), anualidade por importe de 875.000 €.*

Moaña, 21 de outubro de 2015. Portavoz municipal.»

➤ Intervén don Odilo Barreiro quen indica que a Xunta de Galicia no presuposto para o 2014, que se debate no Parlamento de Galicia, impoñen uns recortes debido a unha política agresiva nos que saen beneficiados os de sempre. Soben o canon da auga un 30%, a taxa do lixo tamén, soben os canons sobre os carburantes, e iso pagámolo todos e as concesionarias de autopistas vanse

beneficiando debido ás perdas polo menor tráfico de vehículos. Conxélanse partidas do ensino, pero non para o ensino privado. Sanidade reduce o 4% e vaise privatizando o servizo de sanidade. No Morrazo nin a Moaña se atende. O único que afecta a Moaña é o proxecto para desdobrar o corredor do Morrazo. Non obstante, os veciños querían que se arranxasen as nacionais 313 e 551. Tampouco hai nada para o porto de Moaña ou Domaio. Tamén sería bo preguntarse se hai cartos para o Centro de Alta Resolución do Morrazo ou para o Centro de Saúde. Os de Moaña saímos mal parados nestes temas. O Alcalde fai un silencio cómplice. Fai relación a unha noticia de prensa do Sr. Alcalde. Pide que se modifiquen os investimentos nos orzamentos para Moaña.

➤ Dona Marta Freire apoia a moción polo contido. Estamos sendo *ninguneados* pola Xunta de Galicia, e faltan partidas orzamentarias. Recorda que Moaña existe máis aló de comprar un terreo para vivir aquí.

➤ Dona Susana Varela indica que a nosa finalidade é dotar a vila de infraestruturas e investimentos. Manifesta o ridículo en moitos temas. Antes de 2009, o tema do Centro de Saúde que levaba dende o 2005, o auditorio, no 2006. Le diversos comunicados de prensa sobre o Centro de Saúde de Moaña, o auditorio, seguridade viaria na PO 315 e na N-551, o Instituto de Paralaia e diversas investimentos. Durante o goberno bipartito non se fixo a posta de disposición dos terreos por vostedes. Considera que eran falsas promesas. Apoian a moción se a esas necesidades se engade o auditorio.

➤ Don Odilo Barreiro sinala que non aceptan a condición. O choro aféctalle a actividade cerebral. Segundo esa exposición, están encantados cos investimentos da Xunta en Moaña. Se o problema eramos nós, o Centro de Saúde respondeuse no 2012 a unha pregunta nosa sobre os terreos, que era Nadal e que non se podía molestar a veciñanza. Vostedes non conseguen investimentos da Xunta en Moaña. E pide que se manteña o que hai.

➤ Don. Xosé M. Millán felicita a concelleira de Urbanismo porque vostede fixo un plan en 250 días. Foi unha máquina de desbloqueo do Plan xeral, e agora non teñen nada novo que facer. Tárdase moito tempo en facer as grandes obras, paseos como o da Xunqueira... As súas ideas se lle acabaron cando se lle acabaron as nosas.

➤ Dona Susana Varela indica que son vostedes uns artistas desviando o tema. Se queren cronoloxía de vostedes, en oitos anos coa Xunta gobernando un bipartito, non se aproveitaron os presupostos para facer cousas neses anos.

➤ Don Odilo Barreiro indica que a súa réplica é a imaxe do que temos hoxe, "está pechado por derribo". Tedes que buscar no pasado e a ver se a réplica se centra na moción.

➤ Intervén un veciño quen fai referencia á cronoloxía, entre o 2000 e o 2013. Sinala que hai incumprimento dende eses anos e protesta porque son vostedes pouco serios e poñan vostedes os terreos a favor da Xunta. Pide que non nos mareen e pide seriedade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE e seis en contra, os do PP, acorda:

1.-Trasladar ao Parlamento de Galicia, a través da súa Presidencia e dos distintos grupos parlamentarios, e ao Goberno galego, a través da súa Presidencia e da titular da Consellería de Facenda, a desconformidade do Concello de Moaña co tratamento que se dá ao noso municipio e á comarca do Morrazo nos orzamentos en tramitación.

2.- Solicitar a inclusión dentro do trámite de emenda das seguintes partidas relativas ás necesidades de Moaña.

a) Construción do Centro de Saúde de Moaña, investimento trianual por importe de 4.500.000 €.

b) Construción do Centro de Alta Resolución do Morrazo, investimento trianual por importe de

15.000.000 €.

- c) Proxecto de seguridade viaria na P0-551 e P0-313, ao seu paso por Moaña, anualidade de 1.500.000 €.
- d) Reurbanización e humanización da P0-551 ao seu paso polo núcleo urbano de Domaio, investimento bianual por importe de 1.250.000 euros.
- e) Acondicionamento das instalacións portuarias e zona de servizo do porto de Domaio (Moaña), anualidade por importe de 850.000 €.
- f) Acondicionamento das instalacións portuarias e zona de servizo do Porto de Moaña, anualidade por importe de 850.000 €.
- g) 2.^a Fase do proxecto de ampliación da rede de distribución de auga aos Piñeiros, A Xalde, Broullón, A Paradela e A Fraga (Moaña), anualidade por importe de 750.000 €.
- g) Ampliación do Instituto de Ensino Secundario A Paralaia (Moaña), anualidade por importe de 875.000 €.

13º.- MOCIÓN DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA E COLABORAR ECONOMICAMENTE COAS PERSOAS AFECTADAS

Coa data de rexistro do 21/10/2013, número 6842, O Grupo Municipal do BNG presentou a seguinte moción, que literalmente di:

«MOCIÓN PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA E COLABORAR ECONOMICAMENTE COAS PERSOAS AFECTADAS

O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% deste até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.*
- 2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.*
- 3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.*
- 4. En tanto non se derogue resolución do 10 de setembro, crear unha bolsa de axuda aos enfermos crónicos afectados polo repagamento que lles permita recuperar os cartos investidos con cargo ás partidas do orzamento municipal destinadas a emerxencia social.*

Moaña, 21 de outubro de 2013. Xosé M. Millán Otero Portavoz municipal.»

- Intervén dona María L. Cruz quen denuncia a política de Sanidade do PP, que queren convertela nun negocio que queren privatizala. Isto vai afectar aos enfermos que teñan poucos recursos. Agora coa nova normativa hai achega dos usuarios nun 10%, ata 4.2 € por envase. Isto afecta aos enfermos de cancro de mama, hepatite C crónica, etc. O copago será disuasorio para reducir o consumo de fármacos, pero nestes casos non ten sentido. Isto non se fai por motivos económicos senón por outros criterios. Sométeselles aos enfermos crónicos ao copago. Noutras Comunidades Autónomas como Asturias e Castela-León tomaron medidas declarándose insumisos.
- Dona Marta Freire indica que o PSOE apoia a moción porque o PP ten unha política de ataque á Sanidade, cofinanciamento, e exclusión de medicamentos e agora os enfermos crónicos non hospitalizados. A Sanidade non é un privilexio e compartimos o contido da moción.
- Dona María del Carmen Maya manifesta que o PP está a favor da moción pero aclara que nin os que se benefician dunha pensión non contributiva nin os parados pagan agora nada. Tampouco os hospitalizados. Pide un informe de Intervención sobre o custo dos medicamentos, como repercuten as ditas medidas. Tamén pide informe de Servizos Sociais.
- Dona María L. Cruz indica que uns catrocentos enfermos crónicos xubilados e pensionistas pagarán uns 61€.
- O Sr. Alcalde indica que a Sanidade afecta a todos, e deberemos regular isto.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos quince concelleiros presentes dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da Resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.
2. Instar a Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.
3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e presidente do Goberno do Estado.
4. En tanto non se derogue a Resolución do 10 de setembro, crear unha bolsa de axuda aos enfermos crónicos afectados polo repagamento que lles permita recuperar os cartos investidos con cargo ás partidas do orzamento municipal destinadas a emerxencia social.

14º.- RENUNCIA DO CONCELLEIRO DANIEL RODAS

O Sr. Alcalde dá conta do escrito presentado por don DANIEL RODAS CHAPELA, DNI N.º 76.809.014-P, rexistro de entrada n.º 6984, da data 26/10/2013, concelleiro da Corporación do Concello de Moaña, electo pola lista do Bloque Nacionalista Galego (BNG) nas eleccións do 22 de maio de 2011, no que presenta a súa renuncia ao cargo de concelleiro. Indica no seu escrito que o motivo é que lle tocou asumir o mandato popular de representar ao pobo galego no Parlamento de Galicia.

Estando presente o concelleiro renunciante, cúmprese o establecido no artigo 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, xa que se fai efectiva e por escrito ante o Pleno da Corporación. Procede, pois, en virtude do establecido no artigo 182 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, solicitar á Xunta Electoral Central que se proceda a remisión da credencial do concelleiro ao candidato ou, se é o caso, suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo á súa orden de colocación.

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña, por unanimidade dos quince concelleiros presentes, dun total de dezasete que compoñen a Corporación, acorda:

1º.- Tomar razón da renuncia de don DANIEL RODAS CHAPELA, DNI N.º 76.809.014-P, como concelleiro do Concello de Moaña, que fora elixido nas listas do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

2º.- Comunicarlle esta dimisión á Xunta Electoral Central para que remita a credencial do concelleiro que deba legalmente substituílo, segundo conste na lista da candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

➤ Intervén don Daniel Rodas quen indica que a súa renuncia prodúcese porque foi nomeado parlamentario autonómico.

➤ O Sr. Alcalde agradécelle a súa participación e desexa que lle vaia ben no Parlamento de Galicia. Pide perdón se lle faltou, pero que se foi así, fíxoo no seu labor político.

➤ Dona Marta Freire, en nome do PSOE, agradécelle o seu labor e deséxalle sorte e persoalmente ofrécelle a súa colaboración.

➤ Dona Susana Varela indícalle que por ti non vou votar ningunha lágrima. Pero nestes dous anos quere agradecerlle o teu labor para lograr cousas para o pobo.

➤ Don Xosé M. Millán, en nome do Grupo do BNG, manifesta o seu agradecemento polo traballo realizado no goberno e na oposición e desexa agradecer especialmente que veñas a despedirte de nós. Moito do que se fixo nestes anos débese ao teu esforzo e ao teu traballo. Agradece a súa paciencia e que lle dedicase moito tempo ao Concello, a súa lealdade e que cada vez sexa máis amigo. Considera que vai ser un gran deputado autonómico. Deséxalle todo o mellor e indica que merecía chegar a deputado, e dálle as grazas en nome do BNG.

➤ Don Daniel Rodas agradécelle a súa paciencia aquí e o apoio do BNG nestes oito anos, que tratou de construír Moaña. O noso percorrido facía falta. Manifesta o agradecemento a todos os seus compañeiros. É normal que os equipos se vaian facendo pouco a pouco cunha altura intelectual e humana importante. Seguirá colaborando e anima a seguir co labor para construír Moaña. Aos concelleiros do PP, se volven á súa actividade, farédelo mellor. Deséxalles todos os parabéns aos membros do PSOE e que constrúan ese Moaña que todos desexamos. O xogo ten que ser limpo, e co envite ideolóxico. Está moi agradecido dos dez anos que estivo aquí.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se producen.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión, ás doce horas e dous minutos do día 1 de novembro co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Fervenza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García